

Vicente Risco, lugar de encontro

Anxo Tarrío Varela

Acaban de saír á luz, editadas pola Xunta de Galicia, as Actas do Congreso que sobre Vicente Risco tivera lugar en Ourense durante os días 18, 19, 20 e 21 de outubro de 1995. Fora aquel un encontro cheo de interese, no que se tratou de focar as múltiples facetas dun home que, a trinta e catro anos da súa morte, segue a ser centro de miradas e de reflexións, base de discusións sobre moi distintos aspectos da vida galega e pedra de toque na que ensaiar o estadio discursivo en que cada quen se atopa na actualidade.

Certamente, o labor que se está a facer nos últimos anos sobre os máis sobranceiros escritores, artistas, ideólogos e pensadores do noso pasado recente vai, pouco e pouco, renovando a actitude dos observadores da cultura galega, en xeral, no sentido en que, cada vez máis, se vai apreciando un afán obxectivo e clarificador que, con anterioridade, ou ben non existía, porque non se penetraba máis alá da tona das cousas, ou quedaba embazado por outro afán de signo contrario, cal é o da apoloxética indiscriminante, é dicir, o da loubanza xeralizada e cha, sen matices nin craroescuros, cando o mellor serviZo que se lle pode facer a unha persoa, a unha idea e a un proxecto reside seguramente en algo do que non nos decatamos até alcanzar un certo grao de madurez, tanto individual coma colectiva. Refírome á ecuanimidade intelixente e sistematizadora, baseada na análise atenta dos fenómenos observados, libre de xuízos apriorísticos e de sectarismos ideolóxicos e políticos. Cousas todas elas, como se ve, nada doadas de practicar coa valentía moral que cómpre ter e coa serenidade que necesitan.

Un exemplo desa actitude témolo nalgúns dos relatorios que tiveron lugar no citado congreso e que agora nos ofrece, en número de vintecinco, o libro de Actas que estamos a comentar, pois supoñen unha visión crítica e ponderada de traballos que o mestre ourensán deixou éditos e inéditos e non soamente un deses cantos baleiros de contido que tanto serven para un rachado coma para un descosido.

Non é do caso glosar aquí todos e cada un deses relatorios, pero si de salientar que entre todos eles afrontan aspectos tan variados da persoalidade risquiá como poden ser os que se refiren aos seus traballos e ideas sobre etnografía, historia, relixión, lingua, nacionalismo, literatura, teatro, pensamento político, etc. É dicir, todo un gran abano que reflicte a curiosidade e continua actividade que caracterizou en vida ao máximo mentor do nacionalismo galego do período de entreguerras. E todos, ou case todos, elaborados por especialistas da obra de Risco xa ben probados en anteriores publicacións.

Mágoa que o libro de seu non presente unha organización e ofrezca, en troques, amoreados e mesturados os diferentes traballos, sen un criterio

editorial xustificativo, cando menos en aparencia. Mágoa tamén que algúns traballos aparezan ateigados de grallas e de incoherencias tipográficas, detalles que sempre connotan deleixo e falta de escrúpulo filolóxico. Non obstante, estamos diante dun volume que bota luz sobre algúns aspectos da obra e da actitude de Vicente Risco diante da vida e da Europa do seu tempo.

*O Correo Galego*, 1996